

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

CORRECCIÓN de erros. Orde do 16 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada de 2015.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 25, do 6 de febreiro de 2015, cómpre facer as seguintes correccións:

– Na páxina 5527, nas táboas do anexo IV correspondentes á provincia de Ourense, na bacía do Sil, río Navea, cómpre eliminar a referencia ao encoro de Chandrexa de Queixa.

– Na páxina 5546, na táboa do anexo X correspondente á provincia de Lugo, nas ringleiras do couto de Parga, cómpre eliminar os textos: «couto vedado» e «tramo vedado».

– Na páxina 5562, na táboa do anexo XI correspondente ás masas de auga vedadas da provincia de Lugo, na liña Río de Requeixo ou Roca, onde di: «Nacemento», debe dicir: «Viaduto da autovía A-6».

– Na páxina 5573, no punto do anexo XII correspondente á provincia de Pontevedra, deben suprimirse os réximes especiais dos ríos Louro e Veá. No réxime especial do río Verdugo debe anularse o aprazamento do inicio da tempada no tramo de pesca sen morte do couto de Ponte Caldelas.

